

ACORDOS NÚMERO 15/2017
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DÍA 19 de xullo de 2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día dezanove de xullo de dous mil dezasete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

- 1- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO.-
- 2- ESCRITOS VECIÑOS.-
- 3- SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-
- 4- DEVOLUCION DE AVAIS.-
- 5- APROBACION DE FACTURAS.-
- 6- COMUNICACION PREVIA DE ACTIVIDADE: TALLER REPARACION DE MAQUINARIA AGRICOLA EN TARROEIRA - CASTENDA
- 7- COMUNICACION PREVIA DE OBRAS.-
- 8- INFORMACIONES DE ALCALDIA.-
- 9- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO.-

Acordos adoptados:

1. Aprobación da acta anterior.

2.- ESCRITOS VECIÑOS.-

1.- Don A.A.A., solicitando a limpeza dos arredores da vivenda sita en Castrillón - parroquia de Cabaleiros.

Acordos adoptados:

Solicitar informe de Policía Local.

2. Dona B.B.B., en representación do grupo Imos Indo, solicitando autorización para ensaiar e ter como sede o local baixo dereita da escola de Vilarchan.

Acordos adoptados:

Deixar sobre da mesa.

3. Don C.CC., solicitando o asfaltado dun camiño no lugar de Vimieira - Viladoabade.

Acordos adoptados:

Deixar sobre da mesa para realizar un estudio.

4. Da Sociedade de Cazadores de Anxeriz, do Tecor C10191, Monte Castelo solicitando autorización para realizar a Tirada ó prato no antigo campo de fútbol do Castelo.

Acordos adoptados:

Autorizar a Tirada o prato no antigo campo de fútbol o vindeiro 13 de agosto de 2017 coas respectivas autorizacións necesarias .

5.- Da Sociedade de Cazadores de Anxeriz, do Tecor C10191, Monte Castelo solicitando autorización para a festa de Caza que terá lugar o 12.08.2017 e se cabe a posibilidade dunha carpa, mesas e sillas do Concello.

Acordos adoptados:

Prestarlle as sillas, mesas.

3.- SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-

Acordos adoptados:

Autorizar a conexión ao abastecemento da rede de augas municipais, previa liquidación das correspondentes taxas, debendo cumprir o cumprimentado no informe do Servizo municipal de augas:

solicitude de acometida no servizo municipal de augas formulada por D.D.D.

4.- APROBACION DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SANEAMENTO E CANON DE AUGA.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar a escrito que dirixe Viaqua Gestión Integral de Augas de Galicia, S.A.U. concesionaria do servizo municipal de augas de sumidoiros, sobre a facturación correspondente ao segundo trimestre de 2017, ascendendo a cantidade total de 14.528,03 euros, e o importe da facturación

do Canon da Auga no citado periodo é de 3.140,37€ e que se faga a exposición pública do mesmo a través do tablón de edictos e publicación no Boletín Oficial da Provincia.-

4.- DEVOLUCION DE AVAIS.-

Acordos adoptados:

1. Devolución da garantía solicitada efectuada por E.E.E., actuando en representación de Obras y Viales de Galicia, S.L., para a devolución da garantía definitiva da obra "Reparación Camiño Ambroa a Folgueira (Andoio) e Outros (DTC 93)", mediante aval bancario nº ...8424 da entidade ABANCA por un importe de 2.456,51 euros.

5.- APROBACION DE FACTURAS.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar as facturas relacionadas por un importe de 33.245,89€

2. Ordear a Tesourería Municipal que proceda ao pago previa intervención formal de Interventora das cantidades das facturas relacionadas por un importe de 33.245,89€

Nº de Entrada	FACTURA	Importe	Nombre	Aplic.
F/2017/1166	A 35	1.936,00 €	PROCAT INGENIERIA Y MEDIOAMBIENTE, S.L.	2017 920 22706
F/2017/1266	2017- A10	17.980,60 €	GUERRA NEIRA, Luis	2017 338 22609
F/2017/1269	14/17	2.178,00 €	CASTRO PRADO GONZALO-HENRIQUE	2017 920 22706
F/2017/1270	I/1700381	1.415,70 €	ESYMAR ARTES GRAFICAS, S.L.	2017 341 22609
F/2017/1271	A/129	1.297,26 €	VILARIÑ SEOANE, JOSE RAMON	2017 337 21200
F/2017/1272	83	4.959,83 €	CASTRO RIOS, JESUS MANUEL	2017 933 21200
F/2017/1273	GR0000634	1.240,00 €	GASOLEOS LA TABLILLA, S.L.	2017 920 22103
F/2017/1274	35	2.238,50 €	INSTALACIONES LAMAS ORGUEIRA, S.L.	2017 920 21200
	TOTAL	33.245,89€		

6.- COMUNICACION PREVIA DE ACTIVIDADE: TALLER REPARACION DE MAQUINARIA AGRICOLA EN TARROEIRA - CASTENDA

Deste asunto xa se tomou coñecemento na Xunta de Goberno Local do 22.06.2017.

7.- COMUNICACION PREVIA DE OBRAS.-

Acordos adoptados:

1º Recoñecer a eficacia da comunicación previa de obras presentada o 03.07.2017 por dona F.F.F. para a comunicación previa de obras de “substitución de carpinterías exteriores e renovación parcial do tellado dunha edificación existente”.

2º Deberanse cumprir as observacións do informe técnico de data 18.07.2017 que son as seguintes:

- As novas carpinterías deberán ser de cores escuras (non se admite o aluminio anodizado nin a cor branca).

- Á vista da entidade das actuacións non é preceptivo proxecto, nin Estudo Básico de Seguridade e Saúde, non obstante, segundo o RD 1627/1997, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, a obra considérase de risco especial por caída en altura. Polo tanto, o promotor deberá contratar profesionais que contén cos preceptivos cursos de formación, e a obra estará provista dos medios de protección persoal e colectiva necesarios para o desenvolvemento dos traballos nas debidas condicións de seguridade para os traballadores (equipos de protección individual e colectiva). Así mesmo, cumprírase o establecido na normativa vixente para o tratamento do amianto no fibrocemento.

3º Notificarlle ao interesado a presente autorización.

8.- INFORMACIONES DE ALCALDIA.-

Entrados neste punto non se presenta ningunha información.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia se levanta a sesión, sendo as 13:00 horas.